



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación, Cultura e Deportes
Expediente: 202000008135

RESOLUCIÓN NÚM.36447 DO 18/11/2020 POLA QUE SE DEIXA SEN EFECTO A ADXUDICACIÓN DE MIRIAM MORENTE LÓPEZ Á BOLSA DE INVESTIGACIÓN 2020-ÁREA DE CIENCIAS DE SAÚDE E SE ADXUDICA Á SUPLENTE LUCÍA BADA DÍAZ.

Don **Valentín González Formoso**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

A resolución núm. 32461 22/10/2020 aprobou a concesión definitiva das bolsas de investigación 2020- área de ciencias de saúde

O punto 6.6 das Bases Reguladoras das bolsas investigación 2020- Área de ciencias da saúde publicadas no BOP nº 51 do 16/03/2020, sinala que no prazo de dez días dende a data da concesión definitiva, cada titular das bolsas deberá aceptar de xeito telemático a bolsa, e declarar que non están incurso en causa de incompatibilidade. No caso de que transcorrese o prazo sinalado sen que fose aceptada a bolsa, deixarase sen efecto a adxudicación a persoa que incumpra e poderase adxudicar ao suplente que corresponda.

No prazo indicado Míriam Morente López non presentou a aceptación da bolsa nin a declaración de non estar incurso en causa de incompatibilidade, polo que proponse deixar sen efecto a súa adxudicación e propor á primeira suplente Lucía Bada Díaz.

Vistos os informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización

RESOLVO:

1.- Deixar sen efecto a adxudicación de Miriam Morente López

2.- Conceder definitivamente as bolsas ás seguintes persoas:

Titular da bolsa: DE OLIVEIRA DIZ, TADEU

NIF:***4486**

Expediente: 2020000023105

Título do proxecto obxecto da bolsa: p107 e sus implicacións na homeostasis enerxética

Importe da bolsa: 8.000 €

Titular da bolsa: MARTÍNEZ REGUEIRO, ROCÍO

NIF: ***7534**

Expediente: 2020000020229

Título do proxecto obxecto da bolsa: A cognición social como cribado do síndrome cognitivo-afectivo nas ataxias espinocerebelosas e outras patoloxías cerebelosas

Importe da bolsa: 8.000 €

Titular da bolsa: LUCÍA BADA DÍAZ

NIF: ***1246**

Expediente: 2020000024540

Título do proxecto obxecto da bolsa: Avaliación da actividade antitumoral de compostos naturais presentes en *Ulex gallii* Planch., planta autóctona de Galicia

Importe da bolsa: 8.000 €

3.- Dispor o gasto das bolsas concedidas con cargo á aplicación 0612/3262/481, fase A, operación nº 220200018503, por importe de 24.000 €.

Deberán realizarse as seguintes operacións contables:

1. ANULAR o documento contable D con núm. de operación: 220200038066 (nº expediente: 2020000020288) por importe de 8.000,00 € a nome de Miriam Morente López, da aplicación orzamentaria 0612/3262/481, e o seus correspondentes documentos contables A e RC, deixando o crédito en dispoñible

2. EMITIR un documento contable AD con cargo ao documento contable RC con número de operación: 220200041338, por importe de 8.000,00 €, en vinculación xurídica, da aplicación : 0612/3262/481 (nº expediente: 2020000024540)

4.- Nomear suplentes ás seguintes persoas, pola orde que se indica:

Suplente 1: Bouzaher Yanis Hichem

Suplente 2: García Yuste, Alejandro

Suplente 3: Costa Fraga, Nicolas

Suplente 4: Valle Cao, Alejandra

5.- Publicar a presente resolución definitiva na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no art.45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.